



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 20:30 ata as 22:15 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria Acctal.	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria Accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DE DE 2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 21 de decembro de 2017, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE XANERIO DE 2018

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de xaneiro de 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 371/2018. ORDENANZA REGULADORA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CONCELLO DE A ESTRADA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla Carbón,**

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



explicando que, trala moción presentada polo grupo político municipal de Móvete, foi sometida á sesión celebrada o 25/01/2018 pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes a Ordenanza reguladora de Normalización Lingüística, sendo ditaminada por unanimidade. Continúa dicindo que as diferentes subvencións que se outorgan para fomentar os servizos de normalización lingüística teñen nas súas bases un requisito que aporta máis puntos para a súa concesión, o cal é a existencia dunha Ordenanza municipal nesta materia, polo que esta é un dos motivos para a súa redacción e proposta de aprobación.

Pide a palabra a voceira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao**, para pedir que conste en acta a reclamación que o seu grupo ven facendo dende fai un tempo en todas as sesións plenarias, solicitando que se faga constar o escrito xa transcrito na acta da sesión anterior e relativo ao voto telemático:

“Cuestión de orden: O grupo socialista pide que conste en acta que se está a incumprir a Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de 2007. A convocatoria das sesións plenarias do Concello non admiten participación a distancia (así se recolle en ditas convocatorias), motivo polo que se está a vulnerar o dereito das concelleiras da corporación a desfrutar, de ser o caso, da baixa por maternidade. Coñecedores da lexislación aplicable, pedimos se recolla en acta o seguinte: A Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece o principio de igualdade efectiva. O órgano lexislador estableceu en dita lei un mandato ao goberno sobre "Medidas para posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo" e determinou que a partir da entrada en vigor da mentada lei de igualdade o Goberno debería promover o acordo necesario para inciar o proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo. En virtude da mencionada Lei Orgánica de igualdade o Congreso dos Deputados, Senado e Parlamentos autonómicos, posibilitaron diferentes medidas que fan posible compatibilizar os permisos de maternidade ou paternidade, embarazo e baixa por enfermidade grave. Sen embargo, a pesar do tempo transcorrido respecto ás Entidade Locais o Goberno non ten cumprido o mandato, a Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local non foi modificada para posibilitar a compatibilidade entre o exercizo das funcións públicas representativa dos concelleiros/as e o dereito que teñen de ser nais e pais e desfrutar do período de baixa, para os supostos legalmente establecidos de maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave. En consecuencia co exposto , resulta necesaria a modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local posibilitando o voto telemático dos concelleiros/as nas sesións do Pleno dos Concellos nos supostos de baixa por maternidade, paternidade, embarazo ou por enfermidade grave.”

Continúa dicindo que o seu grupo político vai a apoiar a aprobación desta Ordenanza, sen embargo quere que conste en acta a dúbida de que non é o mesmo “Normalizador” que “Tradutor” e, polo tanto, o compromiso que se asume de facer os escritos en dous idiomas pode supoñer unha carga de traballo aos funcionarios, aínda que é certo que estes aceptan facelo, pero tamén é certo que a lei non os obriga. Polo tanto, aconsella que se busque solucións para evitar futuros problemas neste ámbito.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, dicindo que é motivo de satisfacción que sexa aprobada unha Ordenanza de Normalización Lingüística, sobre todo tendo en conta que A Estrada era o único concello de primeira categoría da provincia de Pontevedra que carecía dela, sendo esta a razón da presentación da moción polo seu grupo e que motivou a redacción da Ordenanza que se propón neste punto, e que considera como un elemento dinamizador da lingua galega moi importante no ámbito da administración.

Finalmente, agradece que se tivera en conta a súa moción e que, por unanimidade, fora ditaminada a devandita Ordenanza.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, quen, en primeiro lugar, se suma á petición do grupo socialista sobre a necesidade de activar o voto telemático.

Retomando o asunto que se trata neste punto, aclara que non se alegra de que se redactase unha Ordenanza de Normalización Lingüística, xa que temos unha lingua normativizada e, polo tanto, non deberíamos de contar con este tipo de regulamentación xa que debía de ser algo que tiña que estar funcionando de xeito normal; de todas maneiras, vai a apoiar esta proposta por considerar que é necesario seguir dando pasos para normalizar a nosa lingua, sobre todo tendo en contra que o Concello de A Estrada non é o que mellor está neste aspecto.

Non habendo máis intervención sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada polo grupo político municipal de Móvete para a creación dunha ordenanza municipal de Normalización Lingüística.

Visto que na sesión celebrada o 31/08/2017 pola Comisión Informativa de Cultural e Deportes, decidiuse elaborar o texto da dita Ordenanza.

Visto que a lingua constitúe a principal manifestación da identidade cultural dun pobo. O galego, lingua propia de Galicia, constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia.

Vista que a Constitución española de 1978 proclama “a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións”, establecendo no artigo 3.2 que as linguas do Estado diferentes ao castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades, de acordo con cada Estatuto.

Visto que o Artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia desenvolve aínda máis o precepto, ao encomendarlle aos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega (xuntamente co castelán) e potencien o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa “e disporán (engade) os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

Visto que a Lei de normalización lingüística de Galicia, no seu artigo 6.4, establece que “a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei”.



Visto que, en virtude do disposto naquel precepto legal, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia pola entidades locais, que dá cumprimento ao mandato estatutario.

Vista a Providencia da Concellaría de Cultura de data 22/01/2018.

Visto o borrador da Ordenanza reguladora de Normalización Lingüística do Concello de A Estrada.

Visto o informe emitido pola Secretaria Accidental con data 23/01/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes, en sesión do 25/01/2018.

E, en base á normativa anteriormente mencionada e, tendo en conta que as corporación locais son as administracións máis próximas aos cidadáns e as que máis preto viven a marxinación da lingua galega,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a Ordenanza reguladora de Normalización Lingüística para o Concello de A Estrada.

Segundo.- Publicar o anuncio do presente acordo no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e páxina web municipal, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días hábiles, a contar a partires do seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o texto íntegro da nova Ordenanza.

Expediente 4824/2017. ADHESIÓN Á ASOCIACIÓN CAMIÑO MIÑOTO RIBEIRO.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde lle concede a palabra ao Concelleiro delegado de Cultura, **D. Juan M. Constenla**, para explicar esta proposta, quen comenza dicindo que se trata da vontade de adherirse á Asociación “Camiño Miñoto Ribeiro”, constituída fai dous anos co fin de promover o desenvolvemento do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro e que transcorre nunha parte polo noso concello; por iso e por tratarse dunha actividade que pon en valor o noso patrimonio cultural e natural aos efectos turísticos, considérase importante e beneficioso proceder a esta adhesión, mediante a aceptación dos seus estatutos e aprobando o pagamento dunha cota anual de 500,00 €.

A **Sra. Belén Louzao** intervén para dicir que o seu grupo está a favor de calquera proposta que teña como fin promover o patrimonio e dinamizar o valor económico do noso concello, polo tanto apoian esta proposta.

A **Sra. Mar Blanco** tamén apoia esta adhesión por considerar que vai a servir de axuda á dinamización do patrimonio turístico estradense.

Concello da Estrada



O Sr. **Xosé Magariños** intervén para mostrar a súa lelicia por chegar a consenso nun asunto como o que se está a tratar, non só pola posta en valor do noso patrimonio cultural e natural senón tamén porque pode ser un medio importante para fomentar turismo do noso municipio.

Non habendo máis intervención sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Cultura de data 15/01/2018, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que coa denominación "Camiño Miñoto Ribeiro" constitúese unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fin ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes interesados en promover o desenvolvemento do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

Vistos o Estatutos da devandita Asociación que consta de trinta e oito artigos, sendo os seus fins principais:

- Ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes interesados en promover o desenvolvemento do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.
- A regulación e promoción do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro. - Vertebrar e constituír un foro de debate continuo sobre as accións de conservación e promoción do camiño.
- Sensibilizar ás administracións públicas, canalizando as demandas, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos da zona.
- Ser un centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.
- Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de desenvolvemento, conservación e promoción do camiño.
- Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona, especialmente os relacionados co paso do antigo camiño de peregrinación a Santiago de Compostela.
- Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento e promoción do camiño.

Visto que no artigo 10º dos devanditos Estatutos establécense as obrigas dos asociados, entre as cales atópase o pagamento das cotas que se establezan, no caso dos socios numerarios será de 500 euros anuais, que serán abonados na conta da asociación a partir da data de inscrición da mesma no Rexistro de Asociación, e que deberá de facerse efectivo nos dous primeiros meses de cada exercicio.

Visto que na Asemblea Xeral ordinaria da Asociación, que tivo lugar o 12 de xaneiro de 2017, estableceuse unha cota anual de 500 euros por cada socio.

Vista a Resolución de 08/02/2017 da Secretaría Xeral Técnica de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante a que se acorda inscribir a constitución da Asociación Camiño Miñoto Ribeiro no Rexistro Central de Asociacións, correspondéndolle o número 2016/019990-1ª.

Visto o interese deste Concello en formar parte da citada Asociación posto que parte do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro transcorre polo noso municipio.

Visto o informe da Sra. Secretaría accidental de 17/01/2018.

Visto o informe emitido pola Sra. Interventora con data 17/01/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes na súa sesión do 25/01/2018.



ACORDAMOS:

Primeiro.- Adherirse á Asociación Camiño Miñoto Ribeiro (CIF G32401010)

Segundo.- Aceptar os Estatutos da Asociación.

Terceiro.- Aprobar o gasto da cota anual de 500,00 € a favor da nomeada Asociación, efectuándose o pagamento unha vez se faga efectiva a adhesión.

Cuarto .- Facultar á Alcaldía para que, en representación do Concello, realice todos os trámites necesarios para facer efectiva esta adhesión.

Expediente 4421/2017. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE INICIO PARA A CELEBRACIÓN DO CONTRATO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar unha introdución a este punto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, o cal comeza dicindo que, trala adhesión do noso Concello á Central de Contratación da FEMP, procede levar a cabo a adxudicación para a celebración do contrato baseado no Acordo Marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión da nomeada Central de Contratación e que se fai a favor de Gas Natural Fenosa SDG, S.A.; deste xeito poderemos acoller ás vantaxes que supón este tipo de contrato e que, basicamente, son dúas: a emisión dunha factura única en lugar das case seiscentas que se viñan recibindo e que colapsaban o traballo no departamento de Intervención e beneficiarnos dunhas tarifas máis económicas, xa que este contrato se estipula, inicialmente, en 690.000,00 € para un prazo dun ano prorrogable por outro, estimándose un aforro mínimo de 160.000,00 € anuais. Polo anterior, o grupo de goberno considera que se trata dunha decisión acertada e motivo suficiente para traer ao pleno esta proposta.

Pide a palabra **Dña. Mar Blanco** para trasladar o seu apoio a esta proposta, sen embargo considera necesario que o grupo de goberno vaia traballando na preparación dos pregos para que non prazo dun ano se poida sacar a concurso esta contratación e así facilitar que outras empresas poidan presentar as súas ofertas e abaratar o montante do subministro eléctrico.

Non habendo máis intervención sométese este asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 23/01/2018, relativa á adxudicación para a celebración do contrato baseado no Acordo Marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión pola Central de Contratación da FEMP:

Número de expediente: Incluir pola Entidade Local 2017/000176

Título: Subministro de electricidade en alta e baixa tensión do Concello da

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Estrada.

Tipo de Contrato: Contrato baseado no Acordo Marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión da Central de Contratación da FEMP.

Visto o informe/memoria xustificativa proposto polo Alcalde-Presidente e que se xunta como Anexo 1, facéndose evidente a necesidade de contratar o subministro de electricidade en alta e baixa tensión.

Visto que, conforme ao acordo pleno de data 7 de setembro de 2017, a entidade local adheriuse á Central de Contratación da FEMP que se constitúe como un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.

Visto que a FEMP, a través da súa Central de Contratación, licitou en beneficio dos seus asociados o Acordo Marco para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión cun único adxudicatario e distribuído por lotes xeográficos, en base a uns Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e uns Pregos de Prescricións Técnicas (PPT). Dito Acordo marco adxudicouse para os Lotes 1, 2 y 3 a GAS NATURAL SDG, S.A. con data de 14 de xaneiro de 2015, formalizándose o Acordo Marco o 13 de febreiro de 2015.

Visto que na dita licitación, a FEMP observou todos os requisitos e procedementos exixíbeis á contratación das Administracións Públicas.

Visto que o devandito Acordo Marco ten unha vixencia de 48 meses, incluídas as súas prórrogas, polo que actualmente atópase en vigor podendo adxudicarse Contratos baseados en dito Acordo Marco durante a vixencia do mesmo, incluídas as prórrogas.

Visto que, ao abeiro do nomeado Acordo Marco, esta Entidade Local pode subscribir o correspondente Contrato coa empresa adxudicataria, que comprenderá a prestación do subministro referido no Acordo Marco nas condicións fixadas no PCAP e PPT.

Visto que o Contrato baseado, que neste trámite se adxudica, axustarase ás seguintes condicións:

- Oferta económica realizada ao lote nº: 1 (Península).
- Valor estimado do Contrato: 1.690.000,00 €
- Duración: O prazo de duración do contrato será de 1 ano, prorrogable por outro.
- Revisión de prezos: Conforme á cláusula 18 do Prego que rexe a celebración do Acordo Marco para o subministro en alta e baixa tensión da Central de Contratación da FEMP.
- Garantías: No se exige garantía definitiva ao tratarse dun subministro de bens consumibles, cuxa entrega e recepción debe de efectuarse antes do pagamento do prezo. Tampouco constituírse garantía provisional.

Visto que a adxudicación do baseado no Acordo Marco entenderase perfeccionada ao ser notificada a presente adxudicación ao contratista por parte da Entidade Local peticionaria. A devandita notificación realizarase mediante a aplicación informática que ao efecto se dispoña por parte da Central de Contratación da FEMP a favor das entidades Locais Adheridas. A Entidade Local incluírá na plataforma da FEMP toda a información referente á tramitación do

Contrato baseado.

Vistos los fundamentos xurídicos desta contratación:

1º.- O procedemento de adxudicación realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión e aos PCAP y PPT que rexeron a súa licitación, trala adhesión á Central de Contratación por parte da entidade local CONCELLO DE A ESTRADA segundo acordo pleno de data 14 de decembro de 2017.

2º.- A execución e resolución deste Contrato supéditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión da Central de Contratación, nos PCAP y PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e, en canto non se opoña, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, o "RGLCAP").

Asemade, será de aplicación ao presente Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento, en especial:

- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico.
- Real Decreto 1164/2001, de 26 de outubro, polo que se establecen as tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.
- Real Decreto 1110/2007, de 24 de agosto de 2007, polo que se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico.
- Real Decreto 1718/2012, de 28 de decembro, polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación dos subministros de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.
- Real Decreto 1435/2002, de 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes de baixa tensión.
- Lei 17/2013, de 29 de outubro, para a garantía do subministro e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.
- Real Decreto 1747/2003, de 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.
- Orde IET/107/2014, de 31 de xaneiro, pola que se revisan os peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2014.
- Calquera outra disposición que afecte, modifique, desenvolva, derogue o substitúa a ditas normas.

Teñen carácter contractual os seguintes documentos: o PCA, o PPT, o documento de formalización do Acordo Marco, os documentos de formalización dos respectivos Contratos baseados e as ofertas presentadas.

Ademais, á presente contratación tamén resúltalle de aplicación a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, aprobatorio do Regulamento de



desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

3º.- Tendo en consideración que o órgano de contratación que actúa en nome da Entidade Local Concello de A Estrada, é o Pleno da Corporación, en virtude da Disposición Adicional 2ª do TRLCSP.

Vistos os antecedentes mencionados, as relacionadas disposicións legais e o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xeral na súa sesión do 26/01/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Adxudicar o Contrato baseado para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión da Entidade Local Concello de A Estrada á única adxudicataria do Lote nº 1 do Acordo Marco para a contratación do subministro de electricidade en alta e baixa tensión pola Central de Contratación da FEMP, GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., con suxeición ás condicións previstas neste Acordo, así como ao disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas.

Segundo.- Notificar á adxudicataria a través da plataforma informática da Central de Contratación, publicar este Acordo no Perfil do Contratante desta entidade local Concello de A Estrada, e dar por iniciado o prazo para interpoñer recurso especial en materia de contratación conforme ao previsto nos artigos 40 e seguintes do TRLCSP.

Tercero.- Instar á adxudicataria á formalización do contrato de subministro en alta e baixa tensión unha vez finalice o prazo para a interposición do recurso, incorporando o mesmo á plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Expediente 389/2018. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU ÁS PRAZAS DE VIXIANTES MUNICIPAIS

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 20, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco**, en calidade de Concelleiro delegado de Persoal, quen di que, á vista do borrador do Convenio tipo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia polo que esta asume a selección dos membros dos corpos da policía local, o grupo de goberno considera que sería beneficioso delegar todos os procesos selectivos de persoal e auxiliares da nosa policía local, tanto a nivel administrativo como financeiro.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



A voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, traslada o voto favorable do seu grupo político porque considera que se lle libra de de traballo ao persoal funcionario e tamén porque se trata dunha competencia que se pode recuperar; sen embargo, considera que se debe garantir a participación do concello nos tribunais dos procesos selectivos.

Lembra que no día de hoxe se celebraba Mesa de Negociación, o que lle alegra moito, xa que nun principio se lle comunicara que non era preciso.

Así mesmo, recorda que na Comisión Informativa se formulou unha pregunta sobre o número de prazas que se ían a sacar e lle gustaría que se lle respondera nesta sesión, porque non é coñecedora de se estas están publicadas na oferta de emprego deste ano ou non. Tamén pregunta o que vai a pasar cos auxiliares, se este ano se van a contratar igual que anos anteriores ou ben mediante o nomeado Convenio.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para preguntar para cando se prevé cubrir as prazas de Policía municipal.

O voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que vai a votar en negativo esta proposta por considerar que vai en contra da autonomía municipal. Di que poderíase entender esta iniciativa se estiveramos ante un concello que non ten capacidade para afrontar esta función, pero non é o caso, xa que a nosa administración é capaz a nivel económico e dispón de persoal adecuado para elo. Considera, así mesmo, que se perde axilidade nos prazos para cubrir necesidades urxentes, dependendo do que marque a Xunta de Galicia e non das situacións do noso Concello; polo tanto di que este Convenio desfai a posibilidade de exercer a obriga da oposición local de control e fiscalización política (por non ter representación nos procesos selectivos) e, por outra banda, vanse convocar unha serie de prazas para concellos onde as situacións laborais e salariais son distintas ao noso.

Para contestar ao anterior, o **Sr. Blanco Carracedo**, di que, en principio, nos procesos selectivos haberá unha comisión de seguimento da que formarán parte os Concellos. No referente a oferta pública de emprego, en concreto sobre o número de prazas que este Concello solicitará, resposta que se está a elaborar a mesma e que se levará á Mesa de Negociación unha vez se solucione as dúbidas que se teñen sobre unha das prazas. En canto á rapidez, entende que os procesos non serán lentos, comunica que se teñen que cubrir un mínimo de 10 prazas entre os Concellos que se adhiran ao Convenio, farase a selección e de aí sairá unha lista da que se tirará, polo que o remprazo vai a ser máis rápido.

A **Sra. Belén Louzao** pregunta que prazos se manexan para sacar adiante a oferta de emprego público.

Responde o **Sr. Blanco** que espera que a principios do próximo mes de febreiro se poida levar á Mesa de Negociación.

O **Sr. Alcalde** aclara que o máximo de prazas que se poderían cubrir a día de hoxe son 3 vacantes de axentes de policía, 1 vacante de mando e 4 de auxiliares (polo período de seis



meses, dende o mes de xuño ao mes de decembro). Sen embargo, como na primeira convocatoria da Xunta de Galicia non incorporan a posibilidade de adherirnos ao convenio para a cobertura das prazas para mandos de policía, entón esta praza non se poderá cubrir por esta vía; por outra banda, tamén estase pendente de saber se unha das prazas tense que convocar por mobilidade ou non; e, por último, se o propio Ministerio nos valida esa taxa do 100% de prazas, o que considera que está máis que xustificada.

Di que considera que a adhesión ao nomeado Convenio non equivale a unha perda de autonomía, sen que ofrece a vantaxe de ter unha parte de oposición dirixida a todas as persoas e cun único exame e, por outro lado, ao levar a xestión a AGASP, vai a traer á Estrada a todos os policías locais de Galicia que queiran presentarse a estas oposicións, ademais, despois dos procesos selectivos, a Academia Galega de Seguridade impartirá os cursos formativos de nove meses que teñen que facer os policías elixidos; do que se deduce que se trata duns procesos perfectamente entrelazados, de xeito que todo estaría unificado e, polo tanto, o máis adecuado para que o proceso sexa máis áxil é que sexa un único organismo o que leve, dende o principio ao final, todo o procedemento de selección e formación.

Finalmente lle traslada aos presentes que unha vez teñan contestación e solucións ás limitacións da oferta de emprego, se lles comunicará, pero a intención do grupo de goberno é intentar convocar o maior número posible de prazas.

Sometido o asunto a votación adoptándose (polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE, e en contra do BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Persoal de data 23/01/2018, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o decreto 115/2107, de 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con concellos na selección dos membros dos corpos da policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local.

Visto o borrador do Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais.

Visto que pode ser de interese para este Concello delegar as competencias neste eido polo tempo que se establece no borrador do convenio.

Visto o informe emitido pola Sra. Secretaria Accidental con data 23/01/2018.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión de data 26/01/2018.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a sinatura do Convenio para delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e as prazas de auxiliares de policía



local ou as prazas de vixiantes municipais, polo tempo de vixencia do devandito Convenio.

Segundo.- Facultar ao Sr. para que, en representación do Concello de A Estrada, asine o nomeado Convenio e realizar todos os trámites necesarios para a execución do mesmo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 18 E O 29 DE DECEMBRO DE 2017 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 18 e o 29 de decembro de 2017 (ambos os dous incluídos), dende o nº 2017-1506 ao nº 2017-1623 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia o turno de rogos e preguntas, a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, trasladando unha inquedaanza veciñal sobre a plataforma que sustiña os correos de aestrada.com, xa que se estaba a dar un servizo gratuíto de correo a todos/as veciños/as e ao que se podía acceder a través da páxina web municipal, pero fai uns días non está en funcionamento e, polo tanto, non teñen accesos ás súas contas de correo, e non se pode esquecer que a responsabilidade é do Concello a través da Cidade Dixital, polo que pide que se restableza o servizo, tendo en conta que moita xente gardaba información persoal nesas contas e ás que non pode acceder, así como que se informe aos/ás veciños/as sobre este asunto.

Con respecto aos demais asuntos que traía, a Sra. Louzao di que os vai a deixar sobre a mesa para ceder o seu tempo ás persoas presentes como público a esta sesión para que poidan intervir.

Responde o **Sr. Alcalde** que lle dará traslado aos responsables deste problema, non sabe cales son as circunstancias que o provocan, sen embargo si é coñecedor que se están a revisar os dominios e probablemente se fará unha nova contratación destes (incluído o dominio aestrada.gal) e así intentar homoxeneizar todos. Comunica que está o departamento municipal de informática e a Estrada Dixital a traballar neste tema, pero se lle dará traslado desta inquedaanza veciñal para que, na medida do posible, o resolvan o máis antes posible, así como que se poñan en contacto cos usuarios para darlle solución a este problema.

Toma a palabra a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para formular dúas cuestións. A primeira é en relación á celebración este próximo fin de semana da Copa de España da Caza do Raposo nos municipios de A Estrada, Cerdedo, Cotobade, Campo Lameiro e Forcarei, e aínda que é sabedora que o Concello non ten competencias para autorizar ou desautorizar esta actividade, pide que



politicamente se manifeste en contra da celebración deste tipo de campionatos por consideralos de extrema crueldade, ao mesmo tempo que se lle pida á Xunta de Galicia a paralización do mesmo se non se xustifica de forma clara, científica e exhaustiva a necesidade desta batida.

A segunda cuestión que plantexa refírese á tala das árbores centenarias en Calobre, xa que entende que as administracións competentes para autorizar a tala das árbores (especialmente dos castiñeiros), son os Concellos (por estar dentro de núcleo de poboación) e Patrimonio; e, ante o anterior, pregunta se o Concello autorizou a nomeada tala, se foi así, se existe un informe técnico e tamén se hai coñecemento de que Patrimonio tamén a autorizou.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que non sabe de onde provén a información de que esas árbores estaban dentro de núcleo de poboación, porque non é certo, xa que no PXOM a igrexa e o seu atrio non está dentro de ningún núcleo de poboación, figurando como solo rústico de especial protección. Di que, polas declaracións feitas polo Arcebispado, foron eles os que autorizaron a tala ao abeiro da previa autorización de Patrimonio; sen embargo, están os servizos municipais de Medio Rural estudando se era necesaria a comunicación previa ou outra actuación, pero avanza que este Concello non ten competencia nesta actividade. A pesares do anterior, tan pronto teña información sobre este tema (segundo a aportada polos servizos técnicos) se lle dará traslado da mesma.

No referente á Copa de España da Caza do Raposo, considera que cando este tipo de actuación se celebra é porque a lei o autoriza. Di que, nunha reunión mantida no día de hoxe coa Directora Xeral de Conservación da Natureza, lle trasladaba a súa preocupación, transmitíndolle a Sra. Directora de que os seus servizos técnicos tiñan estudado esta batida, exixindo o cumprimento dunha serie de normas legais para a súa celebración, xa que a lei permite este tipo de actuacións por cuestións de carácter medioambiental e suxeitas a determinadas normas, estando facultado para modificar esta normativa o Parlamento Galego, pero aclara que o Concello non ten ningunha competencia para impedir ou regular este tipo de actividades.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para trasladar a pregunta dos/das veciños/as de Vilarreal – Tabeirós sobre o estado en que se atopa o tema da traída de auga, se existe algún proxecto e cales son os prazos de execución.

Contesta o **Sr. Alcalde** que hai un proxecto elaborado polos técnicos municipais para desdobrar a traída de augas que ven dende a planta de tratamento de Ribela, cun investimento de 420.000,00 €, o cal conta coa conformidade dos/das veciños/as, e que afecta á parroquia completa de Tabeirós e unha parte importante da parroquia de Nigoi, abarcando sobre 150 vivendas (confirmadas polos propietarios mediante documento asinado). Así mesmo, unido a esta traída, hai unha reposición de firmes e beirarrúas, derivado do seu levantamento para pasar a canalización. Di que, unha vez completada a documentación, elevouse a Augas de Galicia, a cal, á vista das súas ordenanzas, comunicou que o proxecto elaborado polos técnicos municipais non cumpría cos detalles técnicos exixidos, polo que se encargou no mes de setembro último a unha empresa as labores de asistencia técnica aos efectos de que fixeran os estudos pertinentes para perfilar o proxecto técnico inicial e así adaptalo ás exixencias de Augas de Galicia, esperando que os traballos rematen nun mes e medio, aproximadamente, e, a partir de aí, existe o compromiso de Augas de Galicia de destinar unha partida para a licitación desta obra, esperando que se poda executar a obra durante o presente ano.

O **Sr. Magariños** di que parece que ser que hai unha subvención da Deputación, sendo necesario executar a obra para non perdela.



O **Sr. Alcalde** desminte ese feito, non existindo subvención algunha para esta obra, de feito non ten sentido dende o momento que Augas de Galicia comprométese a asumir case o 80% do financiamento.

Continúa coa súa intervención o **Sr. Magariños** para pedir que sexa reparado un camiño sito no lugar de A Torre - Guimarei, e insistir en que se dea solución á fochanca existente ao final da rúa da Cultura.

Con respecto a esta última petición, o **Sr. Alcalde** lle comunica que se está pendente de pechar o proxecto para levar a cabo os asfaltados no ámbito rural e urbano, no cal figura esta rúa.

ANTES DE FINALIZAR A SESIÓN O **SR. ALCALDE**, DENTRO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN, PREGUNTA SE HAI ALGUNHA PERSOA ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE QUE QUEIRA INTERVIR, PREVIA IDENTIFICACIÓN CO DNI.

Pide a palabra a **Sra. Isabel García (DNI 33307570M)**, en representación da "Plataforma Veciñal Mina Touro - O Pino Non", para presentar ante o Pleno unha moción de rexeitamento ao proxecto de reapertura da explotación mineira cobre San Rafael S.L. nº 2946, a cal trascríbese literalmente de seguido (omitindo os cadros existentes no mesma, por incompatibilidade co tratamento de textos da plataforma Xestion):

"O pasado 25 de agosto de 2017, saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L.

Este novo proxecto pretende seguir explotando os mesmos xacementos abandonados do ano 1986 (nas mesmas cortas) máis novos xacemento colindantes con éstos, dentro dunha concesión máis ampla, que abarca o concello de norte a sur nunha extensión de 1827 Ha., inicialmente, xa que segundo proxecta a empresa socia que aporta o capital, Atalaya Mining, a súa intención é estender a explotación con cortas sucesiva, unha vez teñan iniciado, ata chegar a 122 km cadrados de extensión: <http://atalayamining.com/proyecto-touro/>

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 689 Ha iniciais, das cales só o 30% son terreos xa estiveron e están afectados pola explotación anterior, que foi abandonada sen restauración posterior e que dende o ano 1986 do seu remate segue traendo desastrosas consecuencias nas augas que verten ós regatos da contorna afluentes do río Ulla e por tanto afectación á Rede Natura 2000 da cunca deste río, a seguna cunca hidrográfica de Galicia.

Esta actividade, por tanto, preténdense desenvolver nos solos que teñen soportado no pasado actividades potencialmente contaminantes, como así o manifesta o informe emitido polo propio Concello de Touro elaborado por AMBIOTEC sobre as afectacións do proxecto, en outubro de 2017, onde na súa páxina 5 indica como "elementos susceptibles de afección os seguintes:

- Infraestructuras ligadas ao consumo de auga do municipio*
- Agravamento do problema ambiental de Drenaxe Ácida de Mina - Poboación e vivendas situadas nas proximidades*
- Hábitats naturais e vexetación e fauna asociada*
- Elementos naturais da contorna directa e actividades asociadas: Río Ulla*
- Elementos do patrimonio cultural*
- Centro socioculturais"*

Vai a afectar a case 500 Has. de terreos agrícolas e forestais que son a base produtiva de moitas explotacións agrarias dos núcleos máis próximos á



explotación, deixando así sen base territorial moitas explotacións gandeiras que se verán irremediabilmente abocadas ao peche e abandono das terras, e suporía a eliminación de 341 hectareas de masa forestal e 150 hectáreas de cultivos e vexetación natural.

Xunto as catro cortas existentes vanse a escavar 6 novas cortas que dará lugar a outras tantas zonas mineiras coa eliminación definitiva do uso destes solos para as actuais e futuras actividades agrogandeiras ou forestais.

Sumar a esta situación, que durante o proceso planeado para 15 anos de actividade, plantexan un traballo de megaminería intensivo, con funcionamento de maquinaria pesada e actividade as 24 horas do día durante os 365 días do ano, cunha media de 6 voaduras diarias realizadas con entre 9 e 16 toneladas de explosivos cada unha, 4 delas moverán 50.000 metros cúbicos de rocha e 2 moverán 25.000 metros cúbicos, que xerarán movementos sísmicos no terreo e polvo en suspensión cargado de metais pesados, o que provocará irremediabilmente o abandono poboacional da zona por facer imposible a vida nestas terras.

Se se pretende analizar o impacto a nivel demográfico dunha mina destas características en ambos municipios, a análise idónea pasa por valorar a variación de poboación en dous períodos de tempo homoxéneos, "con mina" e "sen mina". E para iso non temos máis que recurrir á historia recente: a concesión mineira que agora se pretende explotar data de 1958 e estivo activa dende 1972 a 1986. Nos 20 anos que van de 1970 a 1991, nos que estivo a mina en funcionamento de 1972 a 1986, a perda de poboación é máis acusada (-29,8% para a comarca de Arzúa, -22,8% para o concello do Pino e -24,5% para o concello de Touro), que nos seguintes 20 anos, de 1991 a 2011, nos que xa non estaba a mina (- 14,6% para a comarca de Arzúa, -10,2% para O Pino e un -18,8% para Touro).

(CADRO DE SERIES DE POBOACIÓN DENDE 1970 Á ACTUALIDADE)

Polo tanto ambos concellos xa dispuxeron dunha mina de cobre a ceo aberto de características moi semellantes á que se pretende implantar e as cifras históricas de poboación nesas décadas amósannos a evolución contraria á pretendida: as caídas de poboación son máis suaves unha vez rematada a actividade mineira.

(CADRO DE TAXAS DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN: COMPARACIÓN "CON MINA" E "SEN MINA")

Esto non afectará solo ós concellos de Touro e O Pino, quen pretenda vivir nun radio de entre 15 -20 km á redonda, sufrirá directa ou indirectamente as consecuencias da actividade mineira nesta zona, xa que o aire moverá o polvo en suspensión máis alá da zona exclusivamente mineira e as augas corren río abaixo, a natureza neste caso non é controlabe nin predecible. E despois de 15 anos de actividade a recuperación será imposible, xa que como sucedeu coa anterior mina, quen marcha dunha zona mineira non volta para volver a sufrir as consecuencias da devastación producida.

Outros impactos sobre a zona que xerarán un grave impacto medioambiental, e a creación de 2 depósitos de residuos estériles e 4 vertedoiros que ocuparán en total case 300 Ha., (o que equivale a 300 veces o Estadio Santiago Bernabeu), a moi pouca distancia dos núcleos de poboación de Castelo, San Sadurniño, Arinteiro, Os Torreis, Tribás e A Goleta, un vertedoiro máis no Monte das Minas, que ocupará unha superficie de 484.000 metros cadrados, case 10 veces o centro comercial As Cancelas de Santiago de Compostela). O depósito de estériles situado entre Arnteiro e Vieiro será unha enorme balsa de lodos que contará cun muro perimetral de contención con capacidade para 50 millóns de metros cúbicos de residuos estériles de mina (equivale a unha sexta parte a capacidade do encoro de Portodemouros), cunha probabilidade de falla moi alta, como ocorrera en Aznalcollar en 1998.

Plantease no proxecto o desvío do leito dos regos Pucheiros e Burgo, e o gasto



arredor de 2.25 hectómetros cúbicos de auga ao ano, o que suporía 6 veces máis do que os concellos de Touro e O Pino xuntos gastan no mesmO período, e isto dito nun ano no que aínda no mes de xaneiro estamos sufrindo restriccións de auga en moitos puntos da nosa terra.

Este proxecto ten tamén unha afectación directa ao Camiño de Santiago ó seu paso polo concello de O Pino, a ton só 1000 metros do Monte das Minas, os peregrinos camiñarán e durmirán nas literas mirando ó monte das Minas, respirando e soportando o polvo en suspensión fruto das voaduras diarias, así como as molestias acústicas da maquinaria pesada e das explosións, que a actividade realizada durante as 24 horas do día, todos os días da semana producirá, tendo por tanto un impacto visual, acústico, para a saúde, e tamén económico sobre os negociós da zona, ¿quén se anima a facer o Camiño por unha zona limitada por unha mina a ceo aberto destas consecuencias?. Arca que se está consolidando como zona de turismo, ocio e residencial verá tamén como as consecuencias deste proxecto lle trae abandono e merma de poboación.

Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local. O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pe, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias. No ano 2016, traballan na ría o 44% das mariscadoras/es a pé, mais do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia. Nas lonxas arousáns poxáronse 38.329.584 kg de produtos da pesca e do marisqueo que se traduciron en 91.301.357 euros. E nas augas de Arousa colleitáronse 174.497.538 kg de mexillón (máis 70% do mexillón producido en Galicia), cun valor de 77.999.843 euros. A frota pesqueira de Arousa está composta por 1.709 buques de pesca e 842 auxiliares de pesca e acuicultura, respectivamente o 38,6% e o 69,9% do total de Galicia. De feito o sector primario do mar en Arousa é un sector estratéxico na economía dos nosos pobos e vilas pola riqueza e emprego que induce ademais en diversas actividades en terra: - empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros, conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores) - empresas provedoras de servizos e subministracións (estaleiros, cordoarías, carpintaría, montaxes e maquinaria) - actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc. Á importancia económica derivada do sector primario do mar arousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios. Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de turistas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos, nas localidades arousáns. Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do río Ulla, o máis caudaloso e longo dos que

alimentan a ría de Arousa. Sobre a importancia ambiental do Río Ulla e da ría de Arousa. A riqueza pesqueira e mariñeira que se resaltou no apartado anterior de exposición de motivos deste documento descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría. Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida, non so por publicacións científicas, senon pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos Protexidos, como son:

- O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (declarado o 1 xullo de 2002, mediante a lei 15/2002). Este Parque inclúe 4 arquipélagos e o mar que os rodea, entre os que se atopa o de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, e a illa de Sálvora, na zona exterior da ría de Arousa. Este Parque Nacional, declarouse polas especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños e debe velar pola súa conservación.

- A Zona de Especial Conservación Ulla-Deza, (declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014) que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas.

Así mesmo a ría de Arousa, xa na parte exterior acolle o ZEC Ons-O Grove e o Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixan, que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida. A ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan, e os 4 espazos protexidos que esta ría acolle é un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posúe e que por lei debe ser amparada.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes cara a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Arousa teñen solicitado a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-O Pino.

As propias alegacións que publicou a Sociedade Galega de Historia Natural e a Federación Ecoloxista Galega ao informe deixan constancia das grandes afectación que supón e solicitan o seu rexeitamento. Son xa varios os concellos os que xa se manifestaron en contra deste proxecto polas repercusións e afectacións que ten na persoas, na saúde, no medio ambiente, na economía local especialmente na agricultura a gandeiría e o turismo. Así o fixeron xa Vedra, Teo, Vilagarcía de Arousa, Rianxo, Vila de Cruces, Ames, Cambados, A Illa de Arousa, Lalín, Santiso, Santiago de Compostela. Tamén se manifestou en contra do proxecto a Deputación da Coruña.

Estamos por tanto ante un proxecto con un impacto ambiental inasumible, un impacto sobre a saúde preocupante, un impacto económico negativo e un impacto social e cultural que xera unha forte alarma e rexeitamento en toda a contorna, de consecuencias negativas incalculables para as persoas, para a biodiversidade e para os seus medios de vida futuros.

Por todo o anteriormente exposto, dende esta Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal de A Estrada:

1.-Instar ás Consellerías do Mar, Medio Rural, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a de Cultura e Ordenación Universitaria e á de Economía, Emprego e Industria a emisión de informes negativos tal e como procede polas consecuencias negativas descritas e todas as que en alegacións se presentaron polas entidades e particulares, e así se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das



augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial, coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e, en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429, de protección do Camiño de Santiago e da actividade económica estratéxica e fundamental dos concellos de Touro e O Pino baseada na agricultura, a gandeiría, as industrias agroalimentarias e forestal, o turismo, a hostalería e os servizos.

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación de metais pesados e drenaxe ácida, para como mínimo asegurar que non se siga comprometendo a calidade ambiental dos afluentes do río Ulla e por tanto da rede Natura 2000, que verten dos terreos da anterior mina ó río Ulla e de ahí á Ría de Arousa."

Finalmente, a Sra. García aclara que os veciños levan todas a vida coidando das terras e das augas e non queren que ninguén as siga estropeando, por iso pide o apoio e o acordo unánime do Pleno da Corporación.

O **Sr. Alcalde** agradece a lectura da anterior moción e da que teñen copia todos os grupos políticos municipais con representación plenaria, comunicándolle que todos son coñecedores deste problema e se suman á preocupación veciñal, de feito nunha sesión plenaria do mes de novembro pasado acadouse un acordo unánime para presentar alegacións durante a exposición pública do proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael, alegacións consistentes en pedir que se garantírase a viabilidade desa explotación en canto ao seu impacto medioambiental, social e económico. Sen embargo, transmite que se suman á moción presentada pola Plataforma por compartir a súa preocupación ante este tema tan importante e, deste xeito, se poderá defender os valores medioambientais que represente o Ulla.

Polo anterior, se da por presentada a moción transcrita, levarase á Comisión Informativa correspondente e, posteriormente, se someterá ao Pleno da Corporación, dentro do respecto ás competencias de cada administración, adoptado unha moción conxunta en defensa dos intereses dos veciños das localidades que baña o río Ulla.

Pide a palabra a **Sra. Amalia Fernández Prieto**, pero ao carecer neste momento do DNI, o presenta o Sr. Adolfo Rafael Varela Manzano (DNI 31335158G), falando a primeira na súa representación e en calidade de voceira dos veciños do lugar de Ramirás, parroquia de Santo André de Veá.

Antes de comezar achega aos membros do Pleno fotos que acompañan a súa reclamación.

A súa intervención baséase na denuncia que presentan contra un veciño que vive entre montañas de lixo e nunha casa sen tellado tras ser arrasada por un incendio no que morreu a súa nai no ano 2005 e que o Concello declarou en ruínas no 2015. A indignación provén da situación que veñen soportando dende fai 30 anos, dos problemas de salubridade que supón a acumulación de lixo nos terreos habitados polo devandito veciño, o cal se traduce na existencia de moscas e ratas, agravado pola queima continuada de plásticos e outros materiais e que obriga aos demais veciños a soportar o cheirar ese fume. A ese problema sanitario hai que engadir un problema urbanístico que deriva da declaración de ruína económica, técnica e urbanística da casa en 2015. Así mesmo, reclama que o denunciado invade a vía pública, razón pola que os veciños xa o denunciaron no ano 1988 (pola construción ilegal dunha casa en terreo público).

Continúa a Sra. Fernández dicindo que está faros de reclamar aos distintos alcaldes e concelleiros sen solución algunha, e mentres o veciño en cuestión segue



construíndo valados por fora da súa propiedade e dificultando, incluso, o paso do camión do butano ás casas dos demais veciños.

Tamén comenta que, no seu día (ao redor do mes de abril), pediu documentación ao Concello para presentar reclamación ante o Valedor do Pobo, dicíndolle que os escritos do Valedor non eran vinculantes, ademais de pedirlle que concretaran que tipo de documentación quería, así que no mes de agosto se solicitou ao Concello que se lle dera, entre outra documentación, a factura correspondente á limpeza da propiedade do D. Manuel Cora, contestándolle que se lle facilitaría a documentación, excepto a factura porque se estaba a tramitar, pero que unha vez tramitada se lle daría, sen embargo estamos a febreiro e aínda seguen esperando.

Di que considera moi triste ter que ir ao xulgado para querelarse contra o Concello, polo que pide axuda á oposición, xa que co grupo de goberno xa non contan ante a falta de resultados durante tantos anos.

Finalmente non sabe o que hai que facer para que se tomen medidas ante esta situación. Sabe que se intentou dende Servizos Sociais declarar incapacitado ao veciño orixe desta disputa, pero non se logrou por considerarse que está nos seus cabais, o que pon en dúbida polas condicións na que ten a súa vivenda, considerando que esta debía derribarse por ser un perigo público. Polo que pide que dende o Concello se faga algo dunha vez por todas para poñer solución a esta situación que tan preocupados e fartos teñen a todos os veciños deste lugar.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde**, dicindo que non pode asegurar o que se fixo dende fai 30 anos, pero si dende que está o seu grupo de goberno. En primeiro lugar di que se está ante unha situación moi complicada pola situación persoal do denunciado, xa que este ten máis tempo e capacidade para agravar o problema que o Concello para resolvelo, xa que o xuíz, no seu momento, negouse a incapacitalo a petición do departamento municipal de Servizos Sociais como medida para poñer fin ao pesadelo que están a vivir os veciños e tamén para mellorar a calidade de vida do veciño causante do problema.

Lembra que durante o seu mandato o Concello declarou en ruína a vivenda, procedendo os operarios municipais á limpeza da casa e do terreo, acompañados pola Policía Local e os técnicos municipais; pero, aos dous días, o ancián volvía a ter acumulado novamente moito lixo, segundo os veciños, sendo moi críticos estes últimos con que se fixera ese traballo cando aseguraban que dito señor tiña moito diñeiro no banco. Continúa dicindo que, trala declaración de ruína da vivenda, o Concello ditou unha orde de demolición e lle instou ao propietario a presentar o correspondente proxecto, o cal non o fixo, por iso o Concello ditou a orde de derribo, a cal se quixo notificar ao propietario en tres ocasións durante o mes de decembro son poder logralo, así que esta mesma mañá dous funcionarios lla levaron en man pero tampouco quixo recollela; por esa razón emitíuse unha multa coercitiva de 1.000 euros trimestrais ata que se cumpra co proxecto de reposición da legalidade urbanística. No caso de que o interesado non acceda, entón o Concello terá que redactar o proxecto de demolición e acometer a obra subsidiariamente.

No que respecto á invasión do dominio público e dos viais, o Alcalde informa que neste ano farase en Ramirás a apertura de foxos con canais de formigón, así como un formigonado, aproveitándose para restablecer os lindes da zona invadida.

Finalmente, o Sr. Alcalde promete que estará pendente desta problemática e, aínda que parece que gañan os infractores, traslada que o Concello non pode permitir viciar os procesos administrativos a seguir e despois que sexan declarados nulos. No que respecta ás multas e a limpeza da casa do denunciado se intentarán cobrar a través do ORAL e, se non efectúa os pagamentos, se lles embargará os bens, porque o procedemento non ten marcha atrás.



Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas quince minutos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE